

LEBRANDO A TERRA O NOSO RAMÓN

A Ramón Suárez Picallo, o fillo do zoqueiro de Velloi.

Quero adicarlle esta ao meu gran irmán o fillo do zoqueiro de Velloi.

Velloi... a que che sona este nome Ramonciño...? Non sintes o recendo das malvas, as rosas e os xaranios, que a túa irmá tiña plantados na horta...? Non che pican as nachas coa palluzada que solta o palleiro...? Lembras o bafo dunha mañán de xiada, cando se saca unha corte de esterco e na que o corpo che pide unha copa de anís...? Aquil cheiriño doce cando se remata de tripar unha pedra de toxo...? Lembras Ramón as nosas lerias no teu palleiro, cando crevache a perna e aqueles paseos polo Quenlle e a Revolta...? Lémbreste nonsí...? Tamén a min ao dar en pensalo, me chega ao fondo da ialma. E a ti...?

O noso Ramón. Ise era teu nome e a xente somente te recoñecía así. Velaí vai o noso Ramón – decían– vai para a baiuca parolar cos mariñeiros.

Hoxe, anda a rolar polas corredeiras do mundo, o mesmo que todos os homes bos que tiveron que fuxir da Terra, pra ceibarse das trabadas dos cas doentes que por alá andan ceibos, sen que ninguén trate de reqedalos; si, polas corredeiras do mundo maxinando cando será...? Lembrando Velloi, Morazón, as noites de Gandarío, a Cova de Anca, ollando aos rapaces baixar a praia, os escintileos da lúa en Corvaroa, vendo aquelas mulleriñas collendo ameixas na baixamar, fuxindo do celador porque hai veda. Mais ela e os seus teñen fame. María “a negra” maldecindo por que o mar levoulle a xebra que colleu na noite. O “Barba Manchada” debruzado no peirao ten fame. Por Leste o vello “Periquete” ven da “brava” contento, chegou nunha estrobada dende Palleiro, todos tran as zocas cheias de escama. A marea foi boa. Sete mil reás. Guiouno o demo. O tío Andrés de Paxín está tristeiro: “Poñeta, non teño homes pra ir ao mar, so teño nenos”. Cando saen os homes vánselle pra outras campañas. “Eu ensínoos e despois vanse ¡recorcía...!”.

O tío Lunes empina unha xerra de viño na casa do Tocaio: “Eu hoxe non vou ao mar, van os rapaces”.

Fronte da casa do “Tío Pepe da Muiñeira”, rifa “Baltasariño do Chicho” co “Pirulito” porque lle roubou unha xiba. “Pélame la pluma” arrédaos. Baltasariño dí: “Xa llo direi ao zoqueiro”.

Lembras Ramón ao Tío Ventureira arando no monte do crego, pregando e falando cos bois: “Hei boño... anda, van ser as doce e non arrequento”. Os rapaces cos espellos pillando xílgaros na fonte de Burreiros, e as mulleres a lavar a roupa falan de todo, din: “O noso Ramón, o fillo do zoqueiro de Velloi, pasou arrimado a un pau, din que parteu unha perna... Si, a nai moito o coida e din que non houbo festa coma a que lle fixeron cando voltou de Bos Aires. El é todo a nai, a nai é moi lista”.

O tío Xermán, vai tanguendo os zocos pola corredeira, cun feixe de vidras e toma os pucheiros na casa da Pía, parola con todos, di: “Ruíns tempos nos agardan, voume...”

O rueiro está soio. As rapazas fan laradas, maxinan que van cear, o pai ven do mar e ven limpo de peixe e pedra. A nai saleu coma tola a ver que topa. Pola Corripa vai Puchiña de Xermán e Manoliño do Rei. Un can ensinulle os dentes, di Puchiña: “Mamá Carolina! ¡o can do Tío Flores rieuse!”

Lembras a Corripa Ramón...? Os camiños de Fontán...? Cando no abrete ibas ao Boliche. Que algueiroso ibas cando había tranche e mocarte.

Lembras ao Tío Paulos...? Semella que o estou vendo. Tío Manuel de Canle sentado a porta do muíño coidando que os rapaces non lle leven as castañas que tirou o vento.

Non lembras Ramón...? A ver cando voltamos pra sempre...

Serafín García

Saudade, nº 5, México, 25/07/1952

CARTA A EDUARDO BLANCO AMOR

Busco, meu querido Eduardo, a placidez espiritual, para darlle o meu corpo a un recuncho calquera do mundo na imposibilidade de darllo á nosa Terra. Non quero reñir, nin discutir, nin facer pendencia con ninguén por ningunha causa, quen queira que sexa o que me provoque! Na miña angustia, na miña tristeza, na miña soidade e na miña fame mando eu. Aos meus 54 anos non desexo cambiar de postura, sintame cómodo ou non coa que teño! Cada un ten o dereito de percibir o froito do que dá. Ti e eu démonos á amizade e á nosa Patria e iso ninguén nolo pode quitar. Todo o outro é anécdota intranscendente!

Agora ben, eu quero recoller da túa última carta unha frase: dime nela que se tiveses as terras que eu teño, a miña casa e o amor dos meus, non pensarías noutra cousa que en cultivar todo iso:

eu xúrote polo amor e a memoria dos meus mortos, que nesas terras, na casa e no cariño dos que quedan no meu humilde fogar de Veloí, tes ti, para gozalo con pleno dominio, a metade de

todo. Sempre terás alí un amable recuncho; os cordeiros, cunha estrela na testa, volverán comer nas túas mans espigas de millo; criarás bois e non farás o que o meu bondadoso pai fixo cos que

ti coñeciches, vendelos para a cortadoría. Deixaralos sempre, vellos e todo, sen deixar que ninguén os mate. As augas da miña fermosa Ría de Sada, camiño dos “Caneiros”, seguirán azuis de día e pola noite acendidas de “ardentía” iluminando os corpos apolíneos dos mozos nadadores para deleitación dos nosos ollos fatigados; na Praza de San Roque volveremos ver os respuntes máxicos da “muiñeira”; e de retorno da festa naquel cuartiño teu e meu do noso fogar, o vello merlo cantareiro, volverá asubiar nas mañás o seu “buenos días Pepito”. Claro que alí faltará moito insubstituíble: a presenza do meu querido Antón e dos meus pais que te adoraban; mais en troques a miña irmá María, que casou hai pouco cun excelente rapaz, ten un neno e unha nena preciosos. Ela chámase María Teresa, en homenaxe á nai morta, e el chámase Juan Ramón. Queira Deus que este soño se cumpra!ç

Das miñas cousas? Mal. Capeo o máis rudo temporal desde que estou no exilio, pero Deus apreta e non afoga. Manténme en pe a ilusión do retorno. Volver, Santo Deus! Estou canso de facer o perdulario polo mundo. Sen Franco, volverei con quen sexa. Alí temos un recuncho para durmir, un prato na mesa, unha profesión honesta e uns anacos de terra onde arrastrar os nosos pes e ver nacer os chícharos e as patacas novas.

Ramón Suárez Picallo
Santiago de Chile, 24/08/1946.